



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento dun/ha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas, persoal funcionario/a interino/a, pertencente a escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2 para o Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Laxe, pertencente a bolsa de emprego aprobada por Resolución de Alcaldía Núm. 129/2026, do 20/02/2026.

Núm. Admvo. Expte.: 2026/E001/000001

Expte. Decreto Núm.: 2026/G003/000221

Vistas as bases e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos/as para persoal funcionario/a interino/a, pertencente a escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, no Concello de Laxe publicadas no BOP núm. 195, de 13/10/2025.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 126/2026, de 20/02/2026 aprobouse a formación da bolsa de emprego anteriormente citada cunha vixencia por un prazo de cinco anos e que a regulamentación da mesma axustárase ao establecido na base undécima das bases de selección.

Visto que con data do 02/03/2026 a traballadora social deste concello solicita para o Dpto. de Servizos Sociais a contratación dun/dunha auxiliar administrativo/a por acumulación de tarefas e emite informe xustificativo da necesidade de contratación dunha auxiliar administrativa para o Dpto. De Servizos Sociais, ditándose providencia de Alcaldía, para que se proceda a contratación deste persoal, pertencente á bolsa de emprego creada para este fin.

Atendendo ao disposto na base 11.^a das bases de selección, procedeuse a contactar telefonicamente coas persoas integrantes da bolsa de emprego por orde de puntuación acadada, resultando que as 6 primeiras candidatas manifestan a súa non disposición para aceptar o posto por estar prestando servizo noutra entidade local. A persoa candidata que está en sétima posición, Cristina Fondo Rodríguez, manifesta a súa disposición para aceptar o posto de traballo ofertado.

Con data 12 de marzo de 2026, a persoa candidata proposta presenta a documentación establecida na base bases de selección.

Cómpre proceder á contratación deste persoal á maior brevidade posible para evitar o retraso na atención ás persoas usuarias e asegurar unha alta calidade na prestación dos servizos dos servizos do Dpto. de Servizos Sociais.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Primeiro. Nomear como auxiliar administrativa, por acumulación de tarefas, persoal funcionario/a interino/a, pertencente a escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2 para o Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Laxe, pertencente á Bolsa de emprego aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 126/2026, de 20/02/2026:

Apelidos e nome	DNI
Fondo Rodríguez, Cristina	***597***

Segundo. O prazo de duración da interinidade será por un prazo máximo de 9 meses.

Terceiro. De acordo co establecido na base 12.^a, a persoas aspirante nomeada deberá tomar posesión nun prazo máximo de 5 días hábiles desde o seguinte ao da publicación desta resolución de nomeamento.

Así mesmo, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co concello.

Cuarto. Comunicar ao Rexistro de persoal par os efectos oportunos.

Quinto. De acordo coa base 11.3 das bases de selección esta resolución publicárase mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Sexto. Dar traslado desta Resolución ao Departamento de contabilidade para o seu coñecemento e efectos .

Sétimo. Dar conta desta Resolución ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García